



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 11 DE MARZO DE 2019

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo o nove horas e trinta minutos do día once de marzo de dous mil dezanove, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde. D. Luís Lisardo Santos Ares e coa asistencia dos Sres. Concelleiros cuxos nomes á marxe se relacionan :

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros:

D. Germán Astray Maceiras. (PSdeG-PSOE).

D. José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

D^a. María Jesús García Souto (Todos por Sobrado).

D. Ángel López Fidalgo (Todos por Sobrado).

D^a. Victoria Veiga Mejuto (concelleira non adscrita).

D. José Antonio Espiño Rodríguez (concelleiro non adscrito).

AUSENTES:

D. Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

D. Juan Aller Penas (concelleiro non adscrito).

Secretaria:

D^a. María Balsa Mosquera.

Aberto o acto, e antes de deliberar sobre os asuntos do orde do día, o Sr. Alcalde explica que non se puido celebrar o pleno ordinario do mes de decembro, por motivos de organización; non obstante, incluíuse na orde do día a aprobación das actas pendentes e a posibilidade de presentar rogos e preguntas.

D^a. María Jesús García sinala que non lle parece correcto que non se celebren os plenos na data que corresponde, e que debería terse avisado na convocatoria da posibilidade de presentar mocións e rogos e preguntas, respostando o Sr. Alcalde que sí pon expresamente no punto décimo "Rogos e preguntas", replicando D^a. María Jesús García que non se inclue na orde do día as mocións.

PRIMEIRO. Aprobación das actas das sesións anteriores correspondentes as do 26/10/2018, 23/11/2018 e 18/12/2018.

O Sr. Alcalde pregunta se hai que facer algunha rectificación ás actas .

D^a. María Jesús García sinala que na acta de 26 de Outubro, en varios puntos, en vez de D^a. María Jesús García pon D^a. María Jesús Veiga, polo que debe correxirse. D^a. María Jesús García sinala que na mesma acta, en dación de contas dos decretos, cando se di que "antes do despido, propúxose contratar un equipo para reforzar a área de urbanismo, e o concelleiro que entón se encargaba das obras, dixo que non era preciso ", o que se dixo foi que o entón concelleiro responsable das obras Jacobo Fernández e o concelleiro Lisardo Santos, foron os que decidiron que non era preciso.

En relación a acta de 18 de decembro, onde se aproba a inclusión de dúas obras por máis de 300.000€ para o Plan Complementario, vese que agora o alcalde corrixe o dito no pleno de decembro de 2015, no que decía que non era interesante meter obras no plan complementario, porque ás baixas nas obras daban problemas, e pide que se cuantifique as baixas que houbo na adxudicación de aquelas obras e que conste que por non incluírse obras nos planes complementarios do POS, o Concello perdeu máis de 200.000€.

Responde o Sr. Alcalde que antes non era obrigatorio incluír obras non Plan complementario, e agora sí, e que o sistema de contratación cambiou totalmente, pero como ela non adxudicou ningunha obra no 2017 non o sabe.

D^a. María Jesús García pide o Alcalde que lle entregue a documentación solicitada nos plenos anteriores, respondando o Sr. Alcalde que lla dará en canto teña tempo, espera que no mes seguinte.

Procédese á votación, aprobándose, por unanimidade dos concelleiros, as actas de 26 de decembro, 23 de novembro e 18 de decembro de 2018, coas rectificacións solicitadas.

SEGUNDO. Designación do representante municipal no Consello Escolar e no GDR Ulla-Tambre-Mandeo.

A secretaria da lectura a proposta de acordo:

“Visto que o representante actual da corporación no GDR Ulla, Tambre, Mandeo e no consello escolar do CEIP Virxe do Portal é D. Ángel López Fidalgo.

Visto que o Concello debe proceder á renovación do representante no Consello Escolar, según escrito remitido polo director do CEIP Virxe do Portal en data 1 de febreiro de 2019.

Próponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Designar como representante da Corporación no GDR Ulla, Tambre, Mandeo e no Consello escolar del CEIP Virxe do Portal a D. Luis Lisardo Santos Ares.

SEGUNDO: Notificar este acordos os citados organismos.

Sen mediar debate, procédese á votación, aprobándose co voto favorable dos concelleiros D. Luís Lisardo Santos, D. Germán Astray, D. José Antonio Veiga, D^a. Victoria Veiga e D. José Antonio Espiño, e a abstención de D^a. María Jesús García e D. Ángel López, a proposta de acordo efectuada.

Pregunta D. Ángel López si agora se van a pagar as cotas pendentes de pago do GDR, respondando o Sr. Alcalde que terá que velo, pois esos gastos non foron aprobados polo Pleno. Replica D^a. María Jesús García que o Pleno da corporación aprobou formar parte de dito organismo e nomeou un representante, e que se no GDR se decide que hai que pagar unhas cuotas, terá que cumprir os acordos adoptados.

O Sr. Alcalde responde que ela as pudo pagar no 2017, e non o fixo.

D. Ángel López manifesta que recentemente houbo unha reunión do DRG de Betanzos, e non había ningún técnico do Concello, que sería bo que un concello turístico como Sobrado participase nestas reunións.

TERCEIRO. Aprobación do proxecto modificado da obra “Reforma estrutural de firmes nas parroquias de Carelle, Codesoso, Folgoso, Nogueira, Porta e Roade” (POS+ 2018).

O Sr. Alcalde explica que se pretende modificar o proxecto da obra de “Reforma estrutural de firmes nas parroquias de Carelle, Codesoso, Folgoso,

Nogueira, Porta e Roade", incluído no POS+ 2018, para poder incluír o arranxo do vial entre Cimadevila e Viladomonte no tramo dun kilómetro , porque está en moi malas condicións, en vez do tramo Muradelo –Campo Verde.

Sen mediar debate, procédese á votación, aprobándose por unanimidade o seguinte acordo:

"Visto o proxecto de obra "Reforma estrutural de firmes nas parroquias de Carelle, Codesoso, Folgoso, Nogueira, Porta e Roade", redactado por D. Javier Ildefonso Mazaira Alba en novembro de 2017, aprobado polo Pleno Corporativo deste Concello en data 1 de decembro de 2017, sendo aprobado o proxecto correxido por Resolución da Alcaldía número de data 6 de Marzo de 2018

Visto a adxudicación do contrato da citada obra a empresa Obras y Viales de Galicia, S.L., asinándose acta de comprobación de replanteo o día 18 de febreiro de 2019.

Visto o informe da directora de obra de data 27 de febreiro de 2019, na que se propón a modificación do contrato de obra, e se xustifica que se trata dun suposto de modificación non sustancial , de conformidade co establecido no artigo 205 da lei 9/2017, de contratos do sector público, e que se introducen únicamente os cambios indispensables para responder á causa obxectiva que a fai necesaria.

Visto o proxecto modificado da obra de data febreiro de 2019, asinado polo redactor de proxecto inicial.

Considerando que dita modificación do proxecto inicial non supón un incremento do orzamento do proxecto.

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Informe da directora de obra	27/02/2019	
Informe de Secretaría	27/02/2019	
Proxecto modificado redactado polo redactor do proxecto orixinal	Febreiro 2019	
Escrito de Emprazamento para Dar Audiencia ao Contratista	SI	Sen alegacións
Escrito de Emprazamento para Dar Audiencia ao Redactor	SI	Sen alegacións
Informe dos Servizos Técnicos Municipais sobre as Alegacións	Non	Non houbo alegacións.
Informe de Fiscalización	Non	Non ten repercusión orzamentaria.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o Pleno da Corporación ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación do contrato da obra "Reforma estrutural de firmes nas parroquias de Carelle, Codesoso, Folgoso, Nogueira, Porta e Roade", tal e como se describe no Proxecto modificado da obra "Reforma estrutural de firmes nas parroquias de Carelle, Codesoso, Folgoso, Nogueira, Porta e Roade", redactado por D. Javier Ildefonso Mazaira Alba en febreiro de 2019.

SEGUNDO. Notificar ó adxudicatario do contrato de obra o presente acordo.

TERCEIRO. Remitir o citado proxecto modificado da obra á Deputación Provincial para a súa aprobación, en tanto que se trata dunha obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2018.

CUARTO. Aprobación da modificación da Comisión Especial de Contas.

O Sr. Alcalde explica que debido á expulsión dos concelleiros do Grupo popular e o seu paso a condición de concelleiros non adscritos, é preciso modificar a composición da Comisión especial de contas. Engade que é importante, como paso previo a súa convocatoria para aprobar o orzamento do 2019.

Explica que a Comisión Especial de Contas quedará integrada por cinco membros, e se aplicará o sistema do voto ponderado:

- O Alcalde, que será o Presidente, representante do grupo municipal PSdG- PSOE, con voto ponderado 4.

-Un representante do grupo municipal Todos por Sobrado , con voto ponderado 2.

-Concelleiro non adscrito con voto ponderado 1.

-Concelleiro non adscrito con voto ponderado 1.

-Concelleiro non adscrito con voto ponderado 1.

Pregunta D^a. María Jesús García se interesa que o seu grupo participe na citada comisión, respostando o Sr. Alcalde que é obrigatorio por lei, e que no prazo de 10 días deben comunicar se hai algún cambio na adscripción dos membros da mesma.

Procédese á votación, aprobándose por unanimidade, o seguinte acordo:

Vista a composición actual da Comisión Especial de Contas , aprobada mediante acordo do Pleno da Corporación de data 16 de Xullo de 2015 (dous membros do grupo PSde G-PSOE, un membro de grupo municipal popular e un membro do grupo Todos por Sobrado), e os cambios acaecidos na composición dos grupos políticos municipais, sendo a situación actual de catro concelleiros do grupo PS de G-PSOE, dous do grupo Todos por Sobrado e tres concelleiros non adscritos.

Considerando que é inherente o sistema democrático que o goberno dos Concellos sexa ostentado pola maioría natural pero conxugando este principio se fose posible coa participación de todas as forzas políticas en todos os órganos colexiados.

Sendo un principio do bo goberno que aquel que ten a responsabilidade de gobernar debe de estruturar á administración e polo tanto os órganos decisorios consultivos da forma máis idónea para a defensa dos intereses xerais intentando que exista unha maior participación dos representantes políticos nas tarefas de goberno coa finalidade de lograr unha eficacia na súa actuación con economía de medios persoais e materiais.

Polo tanto e a efectos de dar cumprimento o disposto no artigo 38 do ROF en relación co disposto nos artigos 123 a 127 da mesma norma e disposicións concordantes , o Pleno da Corporación ACORDA:

PRIMEIRO.-Modificar a composición da Comisión Especial de Contas , quedando integrada por cinco membros, aplicando o sistema do voto ponderado previsto no artigo 66.2 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia :

- O Alcalde ,que será o Presidente,con voto ponderado 4.
- Un representante do grupo municipal Todos por Sobrado , con voto ponderado 2.
- Concelleiro non adscrito con voto ponderado 1.
- Concelleiro non adscrito con voto ponderado 1.
- Concelleiro non adscrito con voto ponderado 1.

Os grupos deberán dar a adscripción concreta dos seus membros, que en representación de cada grupo van formar parte desta Comisión, no prazo de dez días hábiles dende a data de celebración do Pleno no que se aprobe a composición da citada Comisión mediante escrito do Portavoz do grupo municipal dirixido o Alcalde e do que se dará conta o Pleno, podéndose designar un suplente por cada titular.

QUINTO. Adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación da Historia Social Única Electrónica (HSUE) nas Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Sr. Alcalde explica que se trata dunha proposta de convenio de colaboración, que ten por obxecto a implantación da Historia Social Única, que é unha plataforma con toda a información en materia de servizos sociais, para axiliar trámites e garantir á seguridade de dita información.

D^a. María Jesús García sinala que apoian todas as iniciativas que sexan positivas. Procédese á votación, aprobándose por unanimidade, o seguinte acordo:

A Xunta de Galicia implantou no 2016 a **Historia Social Única Electrónica (HSUE)**, como ferramenta esencial para a mellora da coordinación das actuacións que, en materia de servizos sociais, están a desenvolver as administracións públicas. Esta nova plataforma integra a información e a documentación relevante, relativa ao ámbito social, xerada nos diferentes niveis de atención do sistema galego de servizos sociais, e configura un modelo de acceso seguro á dita información para os/as profesionais técnicos/as de servizos sociais de Galicia, segundo o establecido no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, que regula a creación, uso e acceso á HSUE.

A HSUE ven dar cumprimento ás previsións establecidas, por unha banda, na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que, coa finalidade de garantir a continuidade das intervencións, establece o mandato de creación da HSUE, conectado en rede os sistemas de información e de xestión das prestacións e servizos do sistema galego de servizos sociais.

O Decreto 89/2016, do 30 de xuño, establece claramente, no seu artigo 6.3, que os/as profesionais técnicos/as do sistema galego de servizos sociais, incluídos os dos servizos sociais municipais, "teñen o dereito de acceso e o deber de acceder á historia social única electrónica e de rexistrar e cubrir a información necesaria a

través do sistema HSUE”, dereito-deber que debe facerse efectivo mediante a formalización do devandito convenio.

No convenio recóllense as obrigas da Xunta de Galicia con relación a garantirlles o acceso á plataforma HSUE aos profesionais das entidades locais e, entre elas, o papel da Xunta de Galicia como responsable do ficheiro dos datos de carácter persoal xestionados a través da HSUE, e mais o papel das entidades locais coma encargadas do tratamento.

Cómpre salientar que o acceso á **HSUE** trae consigo as seguintes **vantaxes**:

- Permite obter, ao momento, información global e detallada das persoas usuarias dos servizos sociais de toda Galicia e, en consecuencia, facilita á intervención social dos/das profesionais.
- Favorece a coordinación entre os servizos sociais comunitarios municipais e os especializados autonómicos (de xeito similar á historia clínica do Sergas, no ámbito da sanidade).
- Facilita a elaboración dos informes sociais unificados para maiores, discapacidade e dependencia (ISU), e mais dos informes sociais de inclusión (ISI, os necesarios para a tramitación da RISGA).
- Dota dunha maior eficiencia e rigorosidade os procesos.
- Configura un modelo de acceso seguro á información, protexéndoo contra accesos indebidos ou ataques informáticos

Por todo o exposto anteriormente e visto o texto do convenio, o Pleno da Corporación acorda:

Primeiro: A adhesión do Concello ó citado convenio de colaboración_entre a Xunta de Galicia e a Federación española de municipios e provincias (fegamp) para a implantación da historia social única electrónica (hsue) nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a tódalas súas cláusulas.

SEXTO. Adhesión ao Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa.

O Sr. Alcalde explica que con este convenio de colaboración, cando unha persoa se empadrona no Concello, se así o desexa, dende o propio concello se lle tramita ante Tráfico a solicitude de cambio de domicilio no permiso de circulación do vehículo .

Procédese á votación, aprobándose por unanimidade, o seguinte acordo:

Visto o “Convenio de colaboración entre el organismo autónomo Jefatura Central de Tráfico y la Federación Española de Municipios y Provincias para el intercambio de información y la mutua colaboración administrativa”, asinado en Madrid con data 15 de marzo de dous mil seis.

Considerando que se trata dun servizo que permite axilizar os trámites que o cidadano ten que realizar para o cambio de domicilio nos permisos de circulación e de conducción.

O Pleno da Corporación, acorda:

PRIMEIRO: adherirse expresamente e de maneira íntegra ao Convenio para o intercambio de información e a mútua colaboración administrativa coa Xefatura Central de Tráfico.

SÉTIMO. Dación de conta da Liquidación do Orzamento 2018.

A secretaria da lectura á Resolución de alcaldía de data de 6 de marzo de 2019:

"Visto que con data 20 de febreiro incoouse procedemento para aprobar a liquidación do Orzamento do exercicio 2018.

Visto que con data 27 de febreiro foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto que con data 27 de febreiro emitíuse Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora da Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria, RESOLVO:

Primeiro : Aprobar a liquidación do orzamento xeral do 2018.

As principais magnitudes son as seguintes:

Resultado orzamentario.

1.DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.192.324,50
2. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	1.510.820,48
3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1-2)	565.504,56
4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOUREIRÍA PARA GASTOS XERAIS	7.923,34
5. DESVIACIÓN DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS DO EXERCICIO	46.019,21
6. DESVIACIÓN DE FINANCIACIÓN POSITIVAS DO EXERCICIO	78.396,47
7. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3+4+5-6)	541.050,64

Remanente de tesourería.

1. FONDOS LÍQUIDOS	2.149.032,66
2. DEREITOS PENDENTES DE COBRO	166.460,73
3. OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	163.078,09
4. PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	0,00
5. REMANENTE DE TESOUREIRÍA TOTAL(1+2+3)	2.142.415,30
6. SALDOS DUDOSO COBRO	0,00
7. EXCESO FINANCIACIÓN AFECTADA	78.596,33
8. REMANENTE DE TESOUREIRÍA PARA GASTOS	2.073.818,97

XERAIS (5-6-7)	
9. OPERACIÓNS PENDENTES APLICAR ORZAMENTO	-184.463,49
10. REMANENTE DE TESOUREIRÍA AXUSTADO (8-9)	1.889.355,48

SEGUNDO. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. Ordear a remisión de copia de devandita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma, e iso antes de concluír o mes de marzo do exercicio seguinte ao que correspon

Os/as concelleiros/as danse por enterados do contido da liquidación, e D^a. María Jesús García pide unha copia da mesma.

O Sr. Alcalde di que se lle facilitará ó terminar o Pleno.

OITAVO. Dación de conta dos Informes de Morosidade e Período Medio de Pago correspondentes ó 4º trimestre de 2018.

A secretaria da lectura resumidamente dos datos do informe do PMP:

A) MOROSIDADE.

a) Pagos Realizados no Período

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Dentro período legal		Fóra período legal pago	
		Número pagos	Importe total	Número pagos	Importe total
Total pagos realizados no trimestre	29,95	151	319.050,90	265	61.742,70

b) Intereses de Demora Pagados no Período:

Intereses de demora	Intereses de demora pagados no período	
	Número pagos	Importe total intereses
Total intereses de demora pagados	0	0

c) Facturas ou Documentos Xustificativos Pendentes de Pago ao final do Período:

Facturas ou Documentos Xustificativos Pendentes de Pago ao final do Período	Período medio pago Pendente (PMPP) (días)	Dentro período legal pago ao final do Período		Fóra período legal pago ao final do Período	
		Número pagos	Importe total	Número pagos	Importe total
Total operacións pendentes de pago a final do trimestre	132,35	420	159.347,01	243	460.494,77

d) Facturas ou documentos xustificativos que ó final do trimestre transcurrión máis de tres meses sen anotación no rexistro de facturas e tramitación do expediente de recoñecemento da obriga:

Facturas ou documentos xustificativos que ó final do trimestre transcurrión máis de tres meses sen anotación no rexistro de facturas e tramitación do expediente de recoñecemento da obriga:	Período medio operacións pendentes recoñecemento (PMOPR) (días)	Pendente de recoñecemento de obriga	
		Número pagos	Importe total
TOTAL	176,58	46	381.809,99

B) PERIODO MEDIO DE PAGO.

Períodos de PMP incluídos	RATIO DE OPERACIÓN PAGADAS	RATIO DE OPERACIÓN PENDENTES DE PAGO	PMP (días)
Cuarto trimestre ano 2018	2,67	26,53	6,74

Os/as concelleiros/as danse por enterados , e D^a. María Jesús García pide unha copia dos datos sobre o PMP.

O Sr. Alcalde di que se lle facilitará ó terminar o Pleno.

NOVENO. Decretos de Alcaldía.

O Sr. Alcalde di que os decretos dictados dende a última convocatoria de Pleno ordinario estiveron no expediente á disposición dos concelleiros,se ben non viñeron a consultalos, e son os decretos nº 215/2018 ó nº 96/2019.

D^a. María Jesús García pide unha copia dos mesmos, entregándolle unha copia o Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde di que no próximo pleno se queren poder facer preguntas sobre os mesmos. Preguntado por D^a. María Jesús García sobre a data do próximo pleno ordinario, responde o Sr. Alcalde que será a finais de marzo.

DÉCIMO. Rogos e preguntas.

Rogos. D^a. María Jesús García roga que se celebren os plenos ordinarios coa periodicidade e data aprobados polo Pleno da Corporación, que se lle entregue a documentación solicitada pendente e que se lle responda as preguntas pendentes presentadas en plenos anteriores.

Preguntas. D^a. María Jesús García di que se reitera nas preguntas xa efectuadas e pendentes de contestación. Responde o Sr. Alcalde que algunhas das preguntas xa as contestou no momento, e o resto contestaraas no seguinte pleno ordinario.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo ás dez horas, o Sr. Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

A SECRETARIA

O ALCALDE.

(documento asinado electrónicamente)

